



Acta nº 1/2019

Proclamación provisional candidatos Presidencia ADN

Ribadavia, 25 de Febreiro de 2019

Ás 20:30 h. reúnen-se os membros da Xunta Electoral D. Roi Juan López Muriel (presidente), D. Pedro Bolaño Pérez (secretario) e D. Francisco Rodríguez Bejarano (vogal) xunto co presidente en funcións do club D. Gabriel Fernández Vázquez, de acordo co calendario electoral, para tratar o seguinte punto:

1. Proclamación provisional de candidatos a presidente da Agrupación Deportivo Natural de Ribadavia.

D. Roi Juan López Muriel presenta a súa renuncia como presidente da Xunta Electoral debido a que presentou a súa candidatura a presidente do club. O presidente en funcións D. Gabriel Fernández Vázquez confirma que D. Roi Juan López Muriel presentou en tempo e forma a súa candidatura a presidente do clube facendo entrega ao secretario da Xunta Electoral do documento coa candidatura.

O secretario D. Pedro Bolaño Pérez e o vogal D. Francisco Rodríguez Bejarano a raíz desta situación acordan:

1. Aceptar a renuncia de D. Roi Juan López Muriel como presidente da Xunta Electoral.
2. Aceptar a candidatura de D. Roi Juan López Muriel a presidente da Agrupación Deportivo Natural e proceder a súa proclamación provisional, xa que se comproba que reúne os requisitos necesarios.
3. Solicitar ao presidente en funcións que avise ao presidente suplente para a súa incorporación a Xunta Electoral na vindeira reunión.

O presidente en funcións D. Gabriel Fernández Vázquez infórmalles de que o presidente suplente da Xunta Electoral é o socio D. José Manuel Otero Vázquez, comprometéndose a avisalo de inmediato para que comunique a súa aceptación do cargo e se poida incorporar a partir da seguinte reunión da Xunta Electoral.

E como proba de conformidade, asinan á marxe desta acta os asistentes á mesma. Dáse por finalizada a reunión sendo as 21:00 h.